

BASES DAS AXUDAS DE MATERIAL ESCOLAR PARA EDUCACIÓN INFANTIL DO CONCELLO DE RIBADAVIA (CURSO 2022/2023)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ribadavia, por unanimidade, presta aprobación as Bases das axudas de material escolar para Educación Infantil, para o curso escolar 2022/2023.

A. Beneficiarios.

Alumnado empadroado no Concello de Ribadavia e matriculado en Educación Infantil dentro dos Centros Educativos deste Concello, para o curso escolar 2022/23.

B. Baremo e cuantías.

Este baremo e cuantías está baseado nas necesidades de axudas de material escolar e material didáctico solicitado polos/as profesores/as de Educación Infantil para o curso 2022/23, quedando da seguinte forma:

Opción 1 (3 anos):

A cuantía será de 40€.

A cuantía será de 80€ ás unidades familiares con ingresos inferiores ó 3 do IPREM 1.695€/mes)

Opción 2 (4 anos):

A cuantía será de 50€.

A cuantía será de 100€ ás unidades familiares con ingresos inferiores ó 3 do IPREM 1.695€/mes)

Opción 3 (5 anos):

A cuantía será de 20€.

A cuantía será de 40€ (unidades familiares con ingresos inferiores ó 3 do IPREM 1.695€/mes)

Se o longo deste curso escolar 2022/23, se incorporan alumnos/nos de educación infantil nos centros escolares de Ribadavia, poderán ter dereito a unha das anteriores opcións, sempre que cumpran os correspondentes requisitos.

C. Requisitos.

- Estar empadroadado/a (proxenitores/as e neno/a) no Concello de Ribadavia na data de convocatoria da subvención e manterse como mínimo empadroados/as ata o 31 de decembro deste ano 2022.
- Estar matriculado en Educación Infantil en calquera dos centros educativos pertencentes o Concello de Ribadavia.
- No caso de familias con ingresos da unidade familiar que non superen ó 3 do IPREM (1.695€ mensuais), xustificante de ingresos.
- De ser o caso, aportación de factura de compra do material con firma e selo de pagado.

D. Documentación a presentar.

- Solicitud
- Fotocopia do libro de familia
- DNI dos proxenitores ou titores legais.
- Nº de Conta IBAN, onde ingresar o importe da axuda concedida.

Os beneficiarios desta axuda no ano 2021, estarán exentos de presentar a documentación anterior (excepto a solicitud que sí deberá presentarse)

No caso de unidades familiares con ingresos inferiores a ó 3 do IPREM (1.695€ mensuais):

- Fotocopia da declaración da renda referida ó exercicio 2021. En caso de non estar obrigados a a presentala, deberá presentar un certificado negativo de Facenda.
- Xustificación de ingresos: nóminas, certificados de prestacións, pensións ou outros ingresos que perciban doutros organismos ou entidades.
- Factura dun establecemento con sede en Ribadavia, con firma e selo de pagado, que xustifique a compra do material.
- Calquera outra documentación xustificativa valorada polo Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

No caso das unidades familiares da opción 3:

- Autorización de delegación de pago ó CEIP Plulingue Ribadavia.

E.- Contía das Axudas.

O Departamento de Servizos Sociais informará o expediente de concesión da axuda. As solicitudes serán resoltas pola Xunta de Goberno Local, tendo en conta as presentes bases.

F.- O prazo.

O prazo de presentación das solicitudes será dende 19 de setembro ao 7 de outubro de 2022.

G.- Lugar de presentación.

A presentación de solicitudes levarase a cabo no Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

As referidas bases deberán expoñerse ao público mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, na web e nas redes sociais.